

TERRA DE OUTES 59

Xullo - Setembro 2022

1€



o
n
este
n

A xurisdición de Muros (XXII)
Economía: Inflación (II)
Cultura: Galicia, esa entelequia poética
Saudegalizando: Efectos sobre a saúde
do cambio de hora estacional
Os papeis de Añón: "Desde Rusia con
Añón" (I)
... e as nosas seccións habituais.



Entrevista a...
Eladio Lores Gómez

Editorial

DIRECCIÓN XERAL DE PARSIMONIO

Parsimonio é a unión de “parsimonia” e “patrimonio”. A primeira palabra significa Lentitude na maneira de actuar e a segunda refírese ao Conxunto de cousas materiais ou inmateriais de certa antigüidade e importancia recoñecida, pertencente a unha persoa ou colectividade. A conxunción de ambas vén facendo alusión á desesperante pachorra coa que a Xunta de Galicia, responsable última do noso patrimonio histórico, actúa na súa conservación.

Esta é unha das súas formas de xestión. A outra é a desidia, unha falta absoluta de coidado, de esforzo, de dedicación e incluso de vontade para protexer os nosos bens culturais (históricos, artísticos, etnográficos, documentais...). Incuria debida a un goberno ao que nada lle importa a nosa identidade histórica nin tampouco a nosa paisaxe, polo cal non lle preocupa en absoluto vixiar as continuas agresións que a diario se levan a cabo contra o noso patrimonio polos catro costados de Galicia por parte de corporacións grandes (eléctricas, mineiras, construtoras...) ou pequenas (concellos, particulares...) sen escrúpulos. Nin vixialas, nin moito menos perseguilas. As grandes compañías achegan moito diñeiro ao partido gobernante e este ten que pechar os ollos diante das súas constantes agresións ao patrimonio ou o medio ambiente.

E así se explica o funcionamento da que tamén poderíamos chamar Dirección Xeral de Desidiamonio: o presidente nomea un director xeral de, como dicimos por aquí, Desleixamento, cargo de confianza cun suculento salario, coche oficial e cadeira de brazos en Santiago. E este coloca nas distintas subdireccións os seus respectivos cargos de confianza, que á súa vez dispoñen nas diferentes xefaturas de servizo (Planeamento, Fomento, Inspección, Inventario...) amigos e familiares, que sempre van asinar os informes (como non, inventados para a ocasión) e ordes que necesita o xefe que á súa vez precisa contentar algún capitoste ou fondo de inversión.

E sen ir máis lonxe, aí temos o resultado: caso omiso ás destrucións de xacementos arqueolóxicos de todas as épocas e importancia que ocasionan as remocións de terras das empresas eólicas ou construtoras, permiso para manter as cablaxes telefónicas na restauración da Ponte Nafonso, a custa de alterar a súa fisonomía ou, recentemente, silencio diante da elevación do nivel do

chan a carón da única casa medieval que hai na Serra e á cal non se lle debería tocar nin un pelo. Que dicir do cruceiro do s. XVIII de Cando escachado por un temporal que leva ano e medio esperando restauración nos baixos municipais? Do cruceiro do escultor Ferreiro do cemiterio de Santo Ourente esnaquizado pola caída dunha árbore, abandonado sen intervención de ninguén? Da casa de Añón, tristeiramente ignorada? De todas as casas parroquiais, algunhas delas auténticas obras de arte, penosamente arruinadas? Pois que o máis sorprendente é que a ninguén lle importa, nin á Xustiza, nin ao Parlamento nin, o que é máis dramático, á maioría da xente que cos seus votos podería mandar para a casa todo ese persoal inútil.

Dicionario xeográfico

Xoán Mariño

Macao. Antiga colonia portuguesa na China, onde se facían produtos *macanudos*.

Málaga. Cidade andaluza habitada por malacitanos, persoas que invariablemente citan mal aos clásicos.

Norde. Punto cardinal de onde veñen os ventos que chegan no inverno un tras outro, sempre en orde.

Oestre. Punto cardinal de cuxo extremo viñeron os oestrimnios poboar Galicia.

Roma. Capital de Italia de onde proceden os romeiros, xente que se pasa a vida de romaría en romaría poñendo candeas a todos os santos.

Rumanía. País do leste de Europa de onde son os rumaniacos, xente obsesiva, que sempre anda rumiando algo na súa mente.

Toledo. Apócope de “tolo de todo”, que se aplica aos habitantes de Castela-A Mancha, como D. Quixote.

Xinzo de Lima. Barrio da capital do Perú integrado por emigrantes ourensáns que acompañaban a Pizarro.

Foto portada: Don Manuel Canay cos seus alumnos.

Director: Xosé M. Vázquez Luhía-Especht

Consello de Redacción: Domingo Campos, Xoán X. Mariño, Manuel do Río, Lidia Vicente, Ramón Blanco

Edita: A.C.C. Terra de Outes

Maqueta e imprime: Grafinoia, S.L.

Correo electrónico: terradeoutes@gmail.com

Visita a nosa páxina web:
www.terradeoutes.com

Presentación do libro *O idioma galego baixo o franquismo*

O pasado 22 de abril, no salón de actos da Casa da Cultura de Outes, tivo lugar a presentación do libro *O idioma galego baixo o franquismo*, do profesor Henrique Monteagudo.

A presentación do acto correu a cargo do escritor e secretario da A.C.C. Terra de Outes, Ramón Blanco Fernández. Este fixo unha breve descrición biográfica do autor do libro, destacando o seu labor de catedrático de Filoloxía Galega na USC, a súa figura como membro da Real Academia Galega e como autor dunha extensa obra académica e divulgativa.

O autor, pola súa parte, explicou que o libro *O idioma galego baixo o franquismo* é a continuación da *Historia social da lingua galega*, reeditada en 2017, para ofrecer unha aproximación de conxunto ao período franquista. Nesta ocasión analiza a política lingüística represiva da ditadura, consistente na imposición coactiva do castelán e na marxinación sistemática do galego, así como as dinámicas sociais que abocaron a un proceso de substitución masiva do galego. Tamén se referiu á resistencia político-cultural galeguista, nomeadamente, na súa estratexia dirixida a constituir un sistema cultural autónomo, co idioma como o seu elemento definidor, así como aos avances conseguidos durante este período no estudo, cultivo e elaboración do galego e os debates públicos que se desenvolveron ao redor de todas estas cuestións.



Presentación dun libro sobre a illa da Creba

O pasado 10 de xuño, na Casa da Cultura da Serra, tivo lugar a presentación do libro *A illa da Creba. Un baldío comunal*, do escritor esteirán Francisco Abeijón. No acto interveu o presidente da A.C.C. Terra de Outes, Xoán Mariño, que presentou o autor facendo fincapé na estima que persoalmente lle ten, ademais de recordar as súas outras publicacións nun folleto repartido entre os asistentes, a cada un dos cales a Fundación Galiza Sempre, editora deste caderno, agasallou tamén cun exemplar. Por último, Rodrigo Molinos, representante do Comité para a defensa da illa da Creba, explicou que a publicación deste libro se inscribe na súa campaña para conseguir a recuperación para a titularidade pública da mencionada illa por parte dos veciños de Esteiro, a quen sempre pertenceu, a pesar do fraudulento da súa privatización.



Homenaxe a Chema Fuentes

O próximo 17 de agosto, data na que se conmemora o Día da Galiza Mártir, a A.C.C. Terra de Outes, coa ocasión do quincuaxésimo aniversario da súa morte, solicitoulle ao Concello organizar un acto de homenaxe a Chema Fuentes, estudante de Medicina natural de Outes asasinado vilmente pola policía franquista nas rúas de Compostela en 1972.

No acto, que a nosa asociación propón que consista en poñerlle o seu nome a unha rúa ou praza, ademais da colocación dunha placa co seu nome, familiares e autoridades municipais recordarán a súa figura e a de todas e todos os estudantes que combateron o réxime despótico de Franco para traeren a Democracia e a Liberdade á nosa Terra.



Revista subvencionada por:



Deputación
DA CORUÑA



Concello de Outes

A xurisdición de Muros (XXII)

Interrogatorio de Cando (VII)

Xoán F. García

Lista de oficios das freguesías de San Tirso de Cando, Santa Mariña das Maroñas, San Xián de Torea e San Mamede de Alborés.

Lista que eu, Caietano Casais, mordomo pedáneo desta freguesía de **Santa Mariña das Maroñas**, dou para que conste onde conveña, dos oficios, artes e exercicios que hai na dita freguesía que, con distinción de clases e coas súas utilidades, é na forma seguinte:

Siseiro: Francisco Domínguez, regúlanlle gaña o día que traballa, de seis meses que o exerce, un real e dezasete marabedís. Ao ano cento cincuenta reais.

Taberneira: Paula García, taberneira, regúlanlle saca de utilidade ao ano cen reais.

Arrieiros: Manuel Rodríguez, fillo de Catalina Fajín, regúlanlle de utilidade en seis meses que se emprega neste exercicio, setecentos vinte reais. Manuel Rodríguez, polo mesmo tempo e oficio, catrocentos oitenta reais.

Xastres: Domingo Pensado e Juan de Vilar, a cada un regúlanlle gaña o día que traballa, de seis meses que o exerce, un real e dezasete marabedís.

Notario: Domingo Antonio Fajardo, regúlanlle de utilidade ao ano douscentos oitenta reais.

Ferreiro: Francisco Fernández, regúlanlle gaña o día que traballa, de seis meses que o exerce, catro reais e medio. E para que conste, dou a presente lista que asino estando na dita freguesía, a vinte e sete de maio de mil setecentos cincuenta e tres. Caietano de Casais.

Lista que eu, Pedro Rodríguez, mordomo pedáneo desta freguesía de **San Mamede de Alborés**, para que conste onde conveña, dou dos oficios, artes e exercicios que hai na dita freguesía que, con distinción de clases e coas súas utilidades, é na maneira seguinte:


Escribán de número: Manuel Pérez, regúlanlle de utilidade ao ano cinco mil reais de billón.

Xastres: Bartolomé López, Domingo da Thorre e Phelipe de Vilar, en compañía de Pablo de Quintans. A cada un regúlanlle gaña o día que traballa, de seis meses que o exerce, real e medio.

Tecedores: Andrés Blanco e Pedro Novío. Regúlanlle gañan o día que traballa, de seis meses que o exerce, dous reais a cada un.

E para que conste, dou a presente lista que, por non saber asinar, rogo o faga por min. Na dita freguesía. Maio dezasete de mil setecentos cincuenta e tres. Ao rogo, Pedro Rodríguez.

Lista que eu, Bartholomé de Ons, mordomo pedáneo desta freguesía de **San Tirso de Cando**, dou para que conste onde



conveña, dos oficios, artes e exercicios e facultades que na dita freguesía hai, que, con distinción de clases e as súas utilidades, é na maneira seguinte:

Siseiro e taberneiro: Juan de Maio, regúlaselle de utilidade ao ano cento cincuenta reais, e por vender o viño por si, oitenta reais.

Curtidores: Eugenio Castelo –fillo de Antonio Caamaño–, e Bartholome de Ons. A cada un regúlaselle de utilidade ao ano douscentos reais.

Mariñeiros matriculados: Ignacio Pedrosa, regúlanlle de utilidade cada día que traballa, de oito meses que o exerce, un real e dezasete marabedís; e por un barco que ten, douscentos cincuenta reais ao ano. Joseph Lourido regúlanlle de utilidade cada día que traballa, de oito meses que o exerce, un real e

dezasete marabedís; e por outro barco que ten, douscentos cincuenta reais. Joseph Lourido –fillo de Joseph–, regúlanlle gaña o día que traballa, de oito meses que o exerce, un real e dezasete marabedís.

Zapateiros: Andrés Sánchez –fillo de Andrés–, Bernardo Blanco, Domingo Amaril, e Lorenzo Blanco. A cada un regúlanlle o día que traballa, de seis meses que o exerce, dous reais de billón.

Tecedores: Julián de Castro, Clemente Romai, Gregorio Lourido –fillo de Josepha de Gándara–, Juan de Vara, Francisco de Castro –xenro de Juan de Rojo–. A cada un regúlanlle cada día que traballa, de seis meses que o exerce, dous reais. **Ferreiros:** Juan Carou –irmán de Domingo–, e Joseph Lestón. A cada un regúlanlle cada día que traballa, de seis meses que o exerce, catro reais.

Xastres: Joseph Suárez, Juan de Cuns e Phelipe Neto. A cada un regúlanlle cada día que traballa, de seis meses que o exerce, un real e dezasete marabedís.

Carpinteiros: Juan de Lourido, regúlanlle o día que traballa, de seis meses que o exerce, tres reais.

E para que conste, dou a presente lista que asino estando na dita freguesía. A catorce de maio de mil setecentos cincuenta e tres. Bartholomé de Ons.

Lista que eu, Antonio Gómez, mordomo pedáneo desta freguesía de **San Xián de Torea**, dou para que conste onde conveña, dos oficios, artes e exercicios que hai na dita freguesía, que con distinción de clases e as súas utilidades, é na maneira seguinte.

Carpinteiro: Domingo Blanco. Regúlanlle gaña o día que traballa, de seis meses que o exerce, tres reais de billón. Thiburcio Blanco, fillo de Matheo, exerce o mesmo oficio e traballa o mesmo ao mesmo respecto.

Xastres: Gerónimo Casais –fillo de Andrés–, Pedro Núñez –xenro de Manuel

Priegue–, e Roque Priegue. A cada un regúlanlle cada día que traballa, de seis meses que o exerce, real e medio.


Tecedor: Manuel Formoso, regúlanlle gaña o día que traballa, de seis meses que o exerce, dous reais.

Zapateiros: Carlos Casais, regúlanlle gaña o día que traballa, de seis meses que o exerce, dous reais. Simón de Fuentes exercítase outro tanto tempo e regúlanlle o mesmo.

E para que conste, dou a presente lista que, por non saber asinar, rógolle a un o faga por min. Na dita freguesía. Maio vinte e tres de mil setecentos cincuenta e tres. Ao rogo, Antonio Alvarez.

Imaxe 2. No século XVIII existían traballos “nobres” e traballos “viles”. Non foi ata o 18 de marzo de 1783 cando Carlos III dita un decreto que dignifica os oficios manufactureiros (carpinteiros, xastres, tecedores, etc.), e derroga esa inxusta concepción. No entanto e a pesar de que esa cédula ademais permitiu o acceso da nobreza ao mundo laboral, tivo pouco efecto no que concirne á estimación social. Na imaxe: Arrieiro con cabalos. Pietro Giacomo Palmieri (1737-1804) (Museo do Prado).



Optica  **OLLOS**

A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto á ponte de San Lázaro) - Tlf. 981 82 42 60

NOIA

GALICIA, esa entelequia poética

Pilar Sampedro

Hai uns días, a lectura do artigo dun tal Vicente del Barrio fixome pensar un pouco sobre a idea de Galicia. El recollía unhas declaracións de Valle-Inclán que eu nunca escoitara nin lera: “Yo hago mi realidad porque Galicia no existe pero allí está; permanece en nosotros como un sueño mítico al que no podemos renunciar”. Un escritor que sendo e “sentindo” galego... ata o punto de que os seus textos teñen a nosa música (aínda que a partitura sexa outra) e que o que reflicte é o noso mundo dende o interior, en profundidade, é dicir, un autor que non usou esta lingua nin se vinculou a ningunha ideoloxía defensora do ser galego e semella vivir nesa contradición do negro de Castelao que tiña morriña. “Galicia non existe pero alí está”, en que quedamos? Se non existe non pode estar, ou?, “permanece en nós coma un soño mítico ao que non podemos renunciar”; non se pode simplificar en razón e corazón, pero si extraer o elemento fulcral, Galicia é, para el, un soño mítico, unha fermosa metáfora.

O autor do artigo continúa explicando o que el pensa deste país e eu léoo con atención, porque moitas veces son os de fóra os que poden dar razón do noso, os que véndoo con distancia nos explican cousas que a nós a proximidade nos impide distinguir. Di que Galicia vive permanentemente nunha indeterminación xeográfica válida para todo o galego, porque galego é calquera español na Arxentina, o portugués no Brasil, para os reis mouros españois seica eran Galicia os territorios cristiáns... é dicir, galego é “o outro”.

Igual é que estamos na escaleira, sen que os demais saiban se subimos ou baixamos, sen que nos decidamos a ir ou vir, na indeterminación, porque Deus é bo pero o demo non é malo, porque temos tanto medo, dende hai tanto tempo, que o que quixeríamos estar é debaixo da escaleira, agachados para que non nos pregunten e non ter que dicir se queremos máis a mamá ou a papá; a nós, igual o que nos gusta é andar ao noso. Pode que alguén pense que iso é independencia, pero igual non, igual simplemente nos chega con que nos deixen tranquilos porque saber sabemos que o inimigo está dentro e os nosos son os peores.

Contan que cando Deus se decidiu a crear o mundo ía acompañado por un arcanxo a modo de compañía e secretario, unha testemuña. Contan que cando se puxo a amasar o noso país estaba dadivoso. “Voulle dar un recunchiño que sempre resulta máis abrigado e proveitoso, así mirará a dous mares, collerá correntes de dúas bandas; poñémoslle unhas montañas suaves, vellas, para que sexa doado subir e baixar, e estas máis altas para delimitala. Moitos ríos, mil ou máis, porque quero que se escoite a auga correndo, vai chover moito, pero mainiño, que non faga mal. E ata lle vou poñer unha ferverza caendo ao mar... unha estrañeza. Vouna pintar de verde, con moitas árbores e plantas. Afondaremos a desembocadura dos ríos para que se formen rías e entre o mar, así poderán ter marisco coma grelos na leira...”. Ao arcanxo aquilo íalle parecendo moito, incluso unha inxustiza se o comparaba con outras creacións, e interrompeuno: “Estaste pasando, Pai, estaslle dando todo o mellor”, e o Mestre respondeulle mirándoo de lado: “Cala, cala, que ti non sabes que xentiña lle vou poñer”. E puxo de todo, os desleigados dispostos a usar o público para o seu propio proveito (ou da súa familia), a destruír o bo aproveitándose dos demais ata desaparecerelos, os que desprezan a lingua e a cultura de noso e non só venden senón que dan de balde o país porque pensan que o de fóra sempre é mellor; fronte

a eles, aqueles aos que o himno chamou bos e xenerosos que miran polo común, que defenden a terra e ven máis alá da propia barrigola. No himno está todo, o pasmo ante a natureza, esa sensibilidade para falar coas árbores e escoitalas, o verdor que define o mapa, os castros como vestixios do pasado, o sono no que estamos debuzados... dous adxectivos para os bos galegos e cinco para os malos (para que queden ben debuxados), pero, sobre todo, no himno están as preguntas. Cando se veu un himno que pregunte en vez de afirmar, a que batalla podes ir dubidando? interrogándote? Nunca tal se viu, polo tanto nós non imos a ningunha guerra, deixádenos que profundemos e pasmemos, mentres tanto xa outros tomarán decisións. Nunha ocasión quitei o sombreiro ante unha escritora que fora quen de descubrir o home da súa vida porque lle respondía todas as preguntas do himno. Vedes? Unha boa maneira de acertar e non andar co péndulo.

Mapa de Fontán



Fóra risas, hai xente boa e mala, iso sen dúbida. Ademais de enfermos, hai malos, de verdade. Hai xente ruín na que a maldade se concentra ademais da que anda distribuída por todos e todas nós, en menor medida. Hai tempos bos e tempos malos. Houbo momentos case máxicos, dos que o propio Marqués de Santillana dixo: “Non ha mucho tiempo quales quier decidores e trovadores destas partes, agora fuesen castellanos, andaluces o de la Extremadura, todas sus obras componían en lengua gallega o portuguesa”. Si, un medievo no que a lingua floreceu e as cantigas de amigo percorrían territorios propios e alleos. Outros de triste memoria, cando os nosos nobres perderon a guerra e os Reis Católicos levaron adiante o que o seu cronista, o aragonés Zurita, chamou “la doma y castración del Reino de Galicia”, pechándonos nos Séculos Escuros sen literatura, e facendo que nos gobernasen aqueles

que non tiñan apego ningún por nós. Ata que chegou unha madrugada, unha muller con nome de rosa cantou en galego, Pondal escribiu ata o himno, Curros ergueu a bandeira civil e rexurdimos. Foi indo a cousa cos seus máis e os seus menos, porque as leiras hai que traballalas para que dean froito, pero de vez en cando a colleita é de película, como cando naceron as Irmandades da Fala (que fermosura de nome!), xente disposta a defender o noso idioma, cando chegaron os da Xeración Nós poñéndonos no mundo, cando o Seminario de Estudos Galegos comezou a estudar todo o noso, cando nace o partido Galeguista e defenden o estatuto de autonomía para Galicia... Pero íamos demasiado ben, isto non é normal entre nós... que as cousas non teñan volta, así que pasou o que tiña que pasar, dirán os que sempre agardan detrás da porta e non paran de dicir “vas caer...” e caemos; máis ben tiráronnos. Un golpe militar instaurou o terror máis terrorífico que se coñecera nunca, castigou a nosa ilusión vertendo sangue para inundar cunetas, sacando da circulación a mellor xente, así que quedou o país orfo de soños, cos bos e xenerosos nas gabias, nos cárceres, fóra ou nun exilio interior que os obrigou a xurar bandeiras espúreas. Daquela, foi a longa noite de pedra, na que o radon intoxicou os corpos e a lingua foi expulsada de todos os ámbitos que non levasen na fronte a palabra atraso. Erguerse para caer, de novo, e os bos tentándoo unha e outra vez facendo posible o imposible. En Noia, polos setenta había un grupo de mozos aos que chamaban Os Bos, por algo sería, porque aínda se conservaba memoria de cando Avilés de Taramancos e algún máis encargaron unha escultura que representaba a Castelao e Ila levaron ás súas irmás.

Manuel María escribira aqueles *Versos na gaiola* nos que a definiu para as crianzas:

*“Galicia somos nós:
a xente a maila fala.
Se buscas a Galicia,
en ti tes que atopala!”*

Non queda outra. Hai que buscala dentro de cada unha de nós e no idioma propio, ese que nos identifica, porque –como dicía Pousa Antelo– a lingua é a memoria viva da historia; fálamola, aprendémola espontaneamente, pero é froito de xeracións de falantes que nola ensinaron. Nela está todo o pasado, todo o que nos enraiza á terra. Aínda máis a definiu Díaz Castro, nese deambular polo tempo, entre a indecisión e o panteísmo silencioso:

*“Un paso adiante i outro atrás, Galiza,
i a tea dos teus sonos non se move.
A espranza nos teus ollos se esperguiza.
Aran os bois e chove.
(...)”*

*Pro ti envólveste en sabas de mil anos,
i en sonos volves a escoitar a chuvia.*

*Traguerán os camiños algún día
a xente que levaron. Deus é o mesmo.
Suco vai, suco vén, Xesús María!,
e toda a cousa ha de pagar seu desmo.”*

Si, foron os poetas os que máis a buscaron, e os versos ían achegándose pero sen tocarlle, pois ela, Galicia, é así de esquiva. Un mozo, Manuel Casado, vivindo en Barcelona, foi quen de escribir o poema que na voz de Miro Casabella aínda nos estremece, dende o propio título: “O meu país”.

*“O meu país, é verde e neboento
é saudoso e antergo, é unha xente e un chan
o meu país, labrego e mariñeiro
é un recuncho sin tempo, que durme nugallán.*

*Que quece na lareira, aló na carballeira
bota a rir
e unha folla no vento, alento e desalento
o meu país.*

*O meu país, tecendo a súa historia
muiñeira e corredoira, acocha a sua verdá
o meu país saúda o mar aberto
escoita o barlovento, e ponse a camiñar*

*Cara a metas sin nome van ringleiras de homes
e sin fin
tristes eidos de algures, vieiros pra ningures
o meu país.*

*O meu país nas noites de invernía
dibuxa a sua agonía, nun vello e nun rapaz
o meu país de lenda e maruxías
agarda novos días, marchando de vagar*

*Polas corgas e herdanzas
nasce e morre unha espranza, no porvir
e unha folla no vento, alento e desalento
o meu país.”*

Este ano, cando nos achegamos á poesía de Florencio Delgado Gurriarán, ese exiliado no trópico, atopamos de novo a mirada que a busca, ese degoiro por entendela, coma un namorado que quere declararlle amor á vista de todos. Del escollo ese poema que deu nome a un libro: “Galicia infinda”.

*“Galicia é infinda.
Nosa Galicia é máis que toda a Terra.
Non é xa o cativo currunchiño
que din escolas vellas.
Cómprenos desbotar antigos erros
fillos de mente estreita.
Galicia é infinda!”*

*Bela estrada de ensoños,
con macádam de estrelas,
a Vía Láctea é camiño
que leva a Compostela
hoxe e outrora faro,
a cibdade ecuménica
que alumeou, na Europa,
trebas da Idade Media.*

*Polo mundo espallados
van os netos dos celtas
dende a austral Buenos Aires
á parroquia labrega;
do New York boligante
ás indianas ribeiras;
da pelica de touro
ata a China de lenda...*

(...)”

Para un galeguista desterrado Galicia é toda a Terra, é máis que toda a Terra, porque por ela perdeuno todo, por amor a ela, e tivo que converter o lugar de residencia na patria da saudade. E así, volvemos ao principio, a Valle, porque Galicia non existe pero está en todas as partes, permanece en nós, en cada galego e galega, na súa morriña, nese soño que nos corresponde soñar.

*Todo é terra galega!
Galicia é infinda.*

*Noso meirande río non é o Miño,
galán a namorar moza ribeira,
nin o Sil, gabancioso do seu ouro
e do seu belo enfeite de cepeiras.
O Gulf Stream é o noso río meirande.
Río que rega as xirxilantes veigas
e os carreiros de escuma
que as sereias gorentan
(...)”*

*Nosa Galicia é máis que toda a Terra.
Galicia só limita coa saudade,
elástica fronteira
que serve para o tempo e para o espacio
-onde un galego está atópase ela-
mais que ningún atravesala pode
inda que leve nos papeis: Poeta.”*

Efectos sobre a saúde do cambio de hora estacional

Dr. Xosé M^a Dios Diz

Na Unión Europea o sistema horario adiantase unha hora a última fin de semana de marzo e atrasase a última fin de semana de outubro, co cal, cada ano, intensifícase o debate sobre **as vantaxes e inconvenientes na saúde**. Esta decisión non é exclusiva da Europa nin é nova. En marzo adiantamos 60 minutos e ás 2.00 son as 3.00. En outubro atrasamos os reloxos unha hora co que ás 3.00 son as 2.00. Nas illas Canarias sempre unha hora menos. **Non se realiza en todo o mundo** (fano o 40% dos países do mundo). Na América Latina poucos países aplican esta medida e ningún en África. Tampouco a Rusia e o Xapón. O sentido común dinos que os países e comunidades que están no noso meridiano (a Irlanda, o Reino Unido, Portugal, Marrocos, as illas Canarias, Mauritania e tódolos países do oeste africano) non poden estar errados e o Estado español acertado; na **Galiza, eu non teño dúbida, deberíamos ter o horario destes lugares**. Pero expliquémonos: **segundo o Profesor Jorge Mira**, que clausurou as XVI Xornadas de Información Sociosanitaria de Outes, o errado son eu... e seguro que acerta!

O cambio horario, cuxo obxectivo principal é **“aforrar enerxía”**, repercute no ritmo circadiano das persoas, de maneira que é sobre ámbolos aspectos, **enerxía e saúde, sobre os que pivotan os argumentos, a favor e en contra**, de atrasar e adiantar os reloxos.

O **Dr. Mira**, catedrático de Electromagnetismo, explica perfectamente dende o punto de vista científico e **defénde** nas comisións que existen na Galiza, no Estado español e na Europa, nas cales el participa.

Non obstante, **D. José Miguel Viñas**, meteorólogo de Meteored e consultor en España da Organización Meteorolóxica Mundial, dinos que “Hai estudos médicos que certifican que **o cambio de hora provoca desaxustes no organismo**, principalmente a **alteración do sono**, pero os efectos non son duradeiros, polo cal, pasados uns días tralo adianto ou atraso da hora, o ritmo circadiano termina axustándose ás novas condicións de día-noite. O noso corpo experimenta algo parecido ao “jet lag” (desfasamento horario) despois dun voo de longa distancia. Subliña que “son os nenos e os maiores quen máis o acusan, aínda que os nenos se recuperan antes dos efectos”. Viñas remite ao estudo do Instituto para a Diversificación da Enerxía que puido cuantificar o **aforro enerxético** grazas ao maior aproveitamento das horas de sol. “Pero representa unha cantidade moi pequena, de tan só 6 euros por persoa e ano”, matiza. E ademais o dato é unha media, **“xa que, dependendo do clima do lugar**, ese aforro é maior (zonas de clima cálido) ou menor, incluso podendo chegar a encarecer a factura eléctrica e de gas (zonas de clima frío onde non se pode aproveitar a luz para facer vida ao aire libre)”. **A súa conclusión**

é que “non hai conclusións” e que existen tanto defensores como detractores da medida en relación coa eficiencia e o aforro enerxético. No caso de España, **Viñas eliminaría o cambio de hora e mantería o horario de inverno todo o ano**. “Temos as horas de sol suficientes, mesmo no inverno. O alongamento dos días, ao principio do verán, ás veces permite prolongar algunha actividade ao aire libre ata preto das 10 da noite, pero tamén dificulta conciliar o sono os días que toca deitarse pronto porque hai que madrugar. Pola miña experiencia, ao final sacrificanse horas de sono, o que termina en que teñamos os desaxustes pouco desexados propios do cambio de hora”, argumenta.

Quen está a favor e quen en contra? Segundo a consulta pública realizada pola Comisión Europea en 2018, máis do 80% dos 4,6 millóns de cidadáns que participaron na enquisa **mostráronse a favor de acabar cos cambios de hora**.

Segundo a Comisión de Industria, Investigación e Enerxía do Parlamento Europeo, **“non hai probas de que exista unha relación directa entre cambio de hora e aforro enerxético”**.

O profesor de Ciencias Físicas da Universidade de Sevilla **José María Martín Olalla di que a disparidade de latitudes dificultaría a adopción dunha política común europea** neste tema: “A UE esténdese dende os 35 graos de latitude (Chipre, Malta), onde o amencer cambia tres horas do inverno ao verán e onde a eficacia da insolación ao mediodía alcanza o 98%, ata os 70 graos (norte da Finlandia), onde o amencer varía 24 horas do inverno ao verán e o cambio de hora ten unha utilidade limitada”.

Na Galiza, o Instituto Enerxético sitúa nun 0,4% a diminución do consumo eléctrico...



Cambio de hora. Fonte: www.metropoliabierta.com

En marzo de 2019, **o Parlamento Europeo aprobou poñer fin aos dous horarios anuais** e deixar decidir a cada un dos seus estados membros se quedaba co de verán ou co de inverno...

pero a falta de consenso provocou que, en 2021, ano no que teoricamente debería producirse o último movemento das agullas do reloxo, os punteiros continúen adiantándose e atrasándose. En España tamén se debateu sobre a idoneidade da medida. O Goberno de Pedro Sánchez chegou mesmo a convocar **un grupo de expertos para que analizase a situación, pero non se chegou a ningunha conclusión**. Segundo esta norma, os próximos cambios de hora seguirán producíndose en domingo e serán o 27 de marzo e 30 de outubro (2022), 26 de marzo e 29 de outubro (2023), 31 de marzo e 27 de outubro (2024), 30 de marzo e 26 de outubro (2025) e 29 de marzo e 25 de outubro (2026). Estas previsións feitas a priori indican que **non se vai alterar o que está actualmente en vigor**.

As modificacións pódense facer, ou non, pero **o certo é que o cambio de hora afecta o organismo**, que tarda un tempo en adaptarse. É certo que no plano psicolóxico inflúe de maneira positiva a medio prazo, pola existencia de máis horas de luz, que permiten gozar máis do día... pero no plano biolóxico a cousa cambia e **inflúe no ciclo do sono, na vitalidade, na concentración, na frescura mental e mesmo na fame**. Non son poucas as persoas que durante os primeiros días do cambio do horario de inverno sofren **un golpe anímico** ao reducirse as horas de luz no inverno, que diminúen aínda máis co atraso do reloxo co cambio de hora.

A pesar dos desequilibrios, o horario de verán permite as actividades recreativas ao aire libre e hai máis horas de luz para poder facer deporte ou estar fóra da casa. Isto implica tamén unha maior achega de vitamina D.

O que si é un feito comprobado dende unha perspectiva fisiolóxica é que o **efecto máis inmediato do cambio de hora é unha alteración na secreción de melatonina**, unha hormona que actúa regulando os estados de vixilia e sono en función da luz solar: a máis luz prodúcese menos melatonina, polo que a función de inducir o sono que ten esta hormona se fai máis tardía. Esta desregulación na secreción de melatonina é suficiente para que o organismo se resinta e aparezan os síntomas máis habituais polo cambio de hora: **cansazo, somnolencia, falta de concentración, irritabilidade, dor de cabeza, falta de apetito**



Salvador Dalí. *Soño causado polo voo dunha abella arredor dunha granada un segundo antes do despertar*. Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid.

e, mesmo, desorientación. Doutra banda, os síntomas nas patoloxías neurolóxicas como **as cefaleas ou a epilepsia tamén poden verse agravados por estes cambios**. Xeralmente, os efectos adoitan pasar en poucos días (entre tres e cinco). Os seres humanos somos **primates diúrnos** e o noso sistema hormonal está regulado pola luz solar. Coa chegada da noite, e cerca do amencer, diminúe a melatonina e aumentan as substancias que se relacionan coa actividade e a vixilia, **como o cortisol**.

Estes son os datos que eu expoño, súas son as conclusións!



CONSTRUCCIÓNS BLANCO

**Traballos de
Albanelería
e Cantería**



Teléfonos: 981 769 439 – 635 946 920

Boca de Oroña, nº 6 – Cando – 15.286 OUTES (A Coruña)


Páxina web: construccionsblanco.com
facebook.com/construccionsblanco/

Inflación (II)

Kiko Vidal

No artigo que publiquei no pasado número da nosa revista comentaba que se estaba a producir un notable incremento do custo da vida —a temida inflación—. Os prezos na economía responden á lei da oferta e a demanda; se a oferta cae aumentan os prezos, que tamén soben se a demanda se incrementa. Esta é a situación que estamos vivindo. Por unha banda, coa moderación da pandemia (non quero nin debo usar o concepto FIN), estase a producir un incremento de demanda, especialmente en canto ás actividades de lecer, que se reducirán drasticamente nos momentos duros da crise sanitaria, momentos que provocaron o peche de moitos centros produtivos orixinando problemas nas cadeas de subministración de moitos produtos. Ó mesmo tempo, a guerra da Ucraína está reducindo de forma notable a oferta, tanto de produtos agrícolas coma da enerxía. Non esquezamos que a Ucraína é un dos principais países produtores de alimentos, e os embargos ó petróleo e gas rusos están provocando un incremento sen comparación do prezo destas materias primas. Este cóctel de acontecementos estanos a levar a unha situación complexa, pois se ben a curto prazo existen medidas para arrefriar a demanda, non ocorre o mesmo dende o lado da oferta. Para arrefriar a demanda existen dúas medidas económicas que teñen un efecto inmediato como son a subida dos tipos ou a suba dos impostos, medidas as dúas antipopulares. Incrementar a oferta ó curto prazo e algo practicamente imposible. Por iso, penso que a inflación vai ser algo que veu para quedar e que teremos que convivir con ela, polo menos mentres non se desatranca o conflito Rusia-Ucraína. Xa dixemos o que pode facer o Goberno para loitar contra a inflación pero as enquisas políticas non lle son favorables, polo que cabe pensar que non vai tomar medidas drásticas, dada a impopularidade destas.

Evolución do IPC
Variación anual en %



Fonte INI

E que podemos facer entón? Aínda que os resultados poidan ser reducidos, si é certo que podemos tomar medidas para intentar reducir os efectos da inflación, como por exemplo:



Caricatura de Ruz. En *El diario de hoy*. 20 de decembro de 2021.

1.- Reducir o consumo da enerxía. Apagar luces innecesarias, non abusar da calefacción no inverno nin do aire acondicionado no verán son cousas que, por moito que nolas digan, seguimos sen facer. Tamén temos que revisar se compensa mudar electrodomésticos antigos por outros de maior eficiencia enerxética. Por outra banda, unha correcta presión dos pneumáticos e unha condución suave (xa non se leva o de “ferro a fondo”) poden reducir notablemente o consumo de combustible.

2.- Adiantar compras. Se temos necesidade de comprar algo novo ou substituír algo que xa temos, convén efectuar a compra xa, pois mañá será máis cara.

3.- Facer algo cos aforros. Se temos aforros en contas correntes que non nos dan nada é absurdo seguir así. Ou ben investimos e asumimos un risco, ou ben aproveitamos as ofertas dos neobancos que están pagando algo de xuros en depósitos a prazo

fixo, tendencia que, coido, vai ir en aumento nos próximos meses. Prevese incluso que, pasado o verán, os bancos tradicionais tamén comecen a pagar algo polos depósitos. Hai que ter sempre moi presente que a xente con diñeiro que non produza nada é quen máis perde nos períodos de alta inflación.

4.- Reducir débeda. Se temos endebedamento debemos saber que o esperado incremento dos tipos de xuro fará máis gravosa a nosa débeda. Polo tanto, fagamos números e vexamos se podemos facer amortizacións anticipadas nos nosos empréstitos antes de que se concrete o incremento da cota cando o banco revise o tipo de xuro.


5.- Ser máis eficientes nas compras de alimentos. Como xa dixen, a guerra da Ucraína está provocando un incremento importante do custo de certos produtos alimentarios, produtos que poden ter substitutivos noutros de proximidade e tempada que non estean tan afectados pola dita carestía. Por outra banda, existen diferenzas de prezo importantes entre uns provedores e outros, polo que cómpre investir algo máis de tempo para comparar prezos entre os distintos supermercados, medida que lle pode supor un aforro anual superior ós mil euros anuais a unha familia media, segundo estudos recentes. Finalmente, revisemos as nosas despendas para evitarmos que nos caduquen alimentos e sexamos autocríticos cos desperdicios alimentarios que xeramos. Non obstante, non todo son cousas negativas. Rusia era antes da guerra da Ucraína o principal proveedor de madeira de coníferas. Agora non se está comprando en Rusia, o cal, unido ó incremento da demanda de madeira pola moderación da pandemia do coronavirus, está provocando un elevado incremento do prezo da madeira, especialmente do piñeiro. Aínda que a superficie forestal dedicada ó piñeiro sufriu nas últimas décadas un importante retroceso polo incremento das plantacións de eucaliptos, seguimos a ser un concello cunha elevada masa forestal de piñeiros, que

valen nestes intreos un 50% máis có pasado ano. O concello de Outes ten unha superficie próxima ós 100 km cadrados. Aínda que non puiden obter datos precisos sobre a porcentaxe do noso territorio dedicado á produción forestal, podemos estimar esta no 60% do territorio e, desta masa total, pode que un 50% estea dedicada ós piñeiros. Con estas premisas, poderíamos ter unhas 3 mil hectáreas dedicadas ó piñeiro. O pasado ano, por unha hectárea de piñeiros cunha antigüidade de entre 30 e 40 anos, podíamos obter como moito uns 10 mil euros, importe que este ano podería elevarse a 15 mil. Segundo estes simples cálculos, e dando por suposto que estivese todo sen cortar, o concello de Outes valería 15 millóns de euros máis có ano pasado, o cal non está nada mal.



Fonte. Campo Galego. Diario dixital agrario.

Fonte Okdiario



Entrevista a...

Eladio Lores Gómez

UNHA VIDA ADICADA Ó ENSINO

Varias, mellor dito numerosas, son as promocións e xeracións de xoves que desfrutaron da sorte de teren como mestre-profesor este outense de berce, exercicio e militancia. A el débennlle os coñecementos primeiros de inglés, os seus sempre atinados consellos e as múltiples e constantes atencións recibidas. Se nos atemos ós vellos ditos e botamos man do refraneiro temos que colixir que todo ese conxunto de virtudes lle vén de caste, porque Eladio Lores Gómez é fillo doutro docente significado de Outes que o antecedeu no exercicio de tan nobre, distinguido e en moitas ocasións non debidamente recoñecido labor, mesmo non exento de ingratitudes indebidas.

Imos comeza-la entrevista polo teu nacemento, primeira infancia e familia. Paréceche ben?

Si, si. Nacín o 6 de maio de 1948 na Serra de Outes. Os meus pais chamábanse Lolita e Eladio e as dúas irmás maiores, María Victoria e Lolita. Co meu nacemento a familia pasou a ter cinco membros. Viviamos nun inmoble situado na actual rúa da Vila. Nesa casa transcorreron os meus primeiros anos, anos felices, de xogos cos amigos veciños... Porén, cando tiña nove anos finou a miña nai. Inda era xove, non tiña máis que cincuenta e catro anos, e esta circunstancia lutuosa sentíamola toda a familia, foi dolorosa pero a vida tiña que continuar. E así foi.

Agora fálanos da túa etapa escolar.

Como case tódolos rapaces da Serra a miña primeira escola foi a de Manuel Canai situada na planta baixa da Casa do Concello, logo fun con meu pai, que exercía de mestre nas escolas graduadas "Emilio de Navasqués" no veciño Cruceiro de Roo.

Rematados os estudos primarios, como continúas a túa formación?

Preparo o exame de ingreso no seminario, aprobo e entro no seminario de Belvís en Compostela. Levo unha vida de internado con clases diarias das materias do currículo impartidas por distintos profesores, todos eles curas, horas de estudo, recreos, misas e outros actos. Tiñamos dous períodos de vacacións, as do Nadal e as do verán. En resumo, unha vida como as de tódolos internados daquela época, sempre gratificadas coas numerosas visitas da familia, sobre todo do meu pai. A miña estancia no seminario durou cinco cursos. Logo proseguín os estudos de bacharelato no instituto masculino Arcebispo Xelmírez. Rematados estes inicios, a principios da década dos anos setenta, a carreira de Maxisterio na Escola Normal. No ano 1973 cumpo o servizo militar no Sáhara, por aquel entón inda colonia española, e ó seguinte remato a carreira, aprobando as oposicións ó Corpo de Mestres Nacionais.

Nese mesmo ano de 1974 caso con Carmen Nieto. Teremos dúas fillas: Irene e Diana.

Cales foron os primeiros destinos como mestre, mellor dito, profesor de EXB?

Fun destinado a Braño, na parroquia de Sabardes, mais aquel destino durou moi pouco porque ó inicio do curso 76-77 marchei en comisión de servizos a un centro de Bruxelas (Bélxica) que tiña como obxectivo fundacional a promoción educativa dos emigrantes españois. Alí permanecín impartindo clases durante oito anos, xunto coa familia. Non podo deixar de recoñecer que aquela experiencia foi moi positiva tanto no ámbito profesional coma no familiar.

E logo o esperado regreso á Serra?

Si. No ano 1984 veño destinado ó colexio público da Serra (hoxe CEIP) na miña vila natal e nel impatín clases de Inglés e Lingua Castelá ata a miña xubilación, no ano 2008. Tamén deste centro gardo un sentimento de profunda gratitude tanto polo trato recibido de compañeiros e alumnos como dos restantes membros da comunidade educativa.



AS ACTIVIDADES SOCIO-CULTURAIS

Cónstanos que participaches moi activamente nun proxecto de animación cultural en Outes. Non foi así?

Si. Con Xan García Suárez, Xosé Dios, Manuel Carlos, que traballaba na botica da rúa Poeta Añón, e outros veciños, fun cofundador na década dos 80 do século pasado da asociación cultural Escarabello, a través da que temos realizado un intenso labor de animación socio-cultural do que considerabamos que Grupo de teatro. De esquerda a dereita. Arriba: O Dr. José Dios, Eladio, Felipe Arcos, Raquel de Fermin, o practicante Agustín, Mercedes de Urbano e Epifanio de Vista Alegre. Abaixo: José Luís de Guillermo, Carmen Nieto, Ana da Cambeira e Lidia Vicente.

Outes estaba necesitado. Temos realizado exposicións de fotos antigas de Outes, tarefa na que nos axudou Mari Esperante, actividades teatrais, promoción de xogos populares, magostos... Tamén se publicou unha revista que levaba o mesmo nome da asociación. Eu, concretamente como responsable das actividades teatrais, dirixín representacións como *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao, *Pista ou peste*, entre outras. Foron anos de múltiples actividades todas interesantes e que serviron de motivación para outras iniciativas desta índole posteriores.

Tamén participaches activamente na política

Militei no PSdeG-PSOE e fun concelleiro en Outes en dúas corporacións presididas por Gonzalo Pérez Villaverde e noutra formando parte da candidatura socialista que encabezaba Enrique Martínez Pedrosa. Procuramos antepoñer os intereses de Outes a calquera outros. Apoiámos no que entendiamos positivo para o concello e criticamos aquilo que non nos parecía o máis axeitado. A miña actividade política rematou no 1999. Entre os logros eu salientaría dous: o paseo da Ponte Nafonso e a mellora da contorna da ponte do Ruso, que son melloras visibles e que perduran no tempo.

A PINTURA

Como e cando principiou a túa actividade pictórica?

Foi a partir da miña xubilación cando empecei a pintar de forma habitual en óleo e acquarela. A pintura sempre foi para min unha afección que levaba nos meus xenes. Dende pequeno, cando ía á escola, o debuxo era un xeito expresivo dos meus sentimentos e aconteceres. Naquelas pizarras os rapaces expresabámo-los nosos gustos, afeccións e sentimentos. No debuxo sempre levaba unha boa nota. De aí naceu, quizais, a afección pola pintura. Ó xubilarme tiña tempo para poder pintar tranquilamente e collino coma unha diversión e un pracer.

Que consideración tes de ti como pintor?

Considérome un pintor autodidacta que non posúe esa carga conceptual dos profesionais, nin un gran currículo de aposta pola pintura,

nin ambición de vivir dela. Comecei indo a unhas clases de pintura en Noia no 2008 e continúei durante cinco anos. Os cursos estaban organizados pola Asociación das Amas de Casa e estaba dirixido polo gran pintor e amigo Lino Costas, que me reforzou a vocación e o amor pola pintura. Por iso os meus cadros reflicten e enténdense como unha ocorrencia pracenteira e intuitiva que guían a man a atopar cores lonxe do academicismo ou da experimentación vangardista. Aprendín co tempo a ser menos impulsivo e a matinar na luminosidade e no contido das creacións. O froito dos quince anos de dedicación silenciosa deu como colleita a colección de óleos e acquarelas que posúo.

Tes feito exposicións, non?

No ano 2007 houbo unha exposición miña de acquarelas na Casa

da Cultura de Outes na que os visitantes puideron olla-lo froito do meu traballo. Con posterioridade, durante os meses de abril e maio do 2019, tamén se expuxeron as miñas creacións na sala Francisco Creo da Sociedade Liceo de Noia e xa está programada outra no vindeiro mes de agosto na Casa da Cultura de Outes.

Cales son os motivos das túas creacións pictóricas?

Busco a realidade e trato de fuxir do figurativo. Os meus, ás veces, son traballos moi laboriosos, sobre todo cando parto dun traballo que escapa un pouco da verdadeira realidade e non se poden apreciar ben as cores e os matices tan definidos como se estivese traballando alí *in situ* co cabaleta e cos pinceis. Case sempre, cando traballo, fago un bosquejo con pintura acrílica, porque seca máis axiña. Busco a definición do traballo e logo pinto ó óleo.

A miña obra está composta por uns setenta e cinco cadros en óleo e outros tantos en acquarela. Son sobre todo bodegóns, paisaxes, igrexas, ríos, muíños, flores, retratos etc. Para min constitúe unha satisfacción que o público en xeral comparta as miñas creacións non como unha ambición persoal, senón como axuda para actualizar os sentimentos estéticos que todos levamos alá dentro e, por iso, comparto o froito do meu traballo en Facebook para que se poida desfrutar da arte e da cultura.

Como dicía Frida Khalo: “Pinto flores e así non morren”.



Eladio Lores xunto a unha das súas obras.

Apaga o candil ...

Vai ser que seguimos coas mesmas... coméntase que por exemplo... un sinal en Riba de Mar, dirección á Serra, marca á Barreira... mais MAALL... pois ben, que si que por alí acabas chegando á Barreira, mais non... está mal sinalizado, pois moitos repartidores vense na penuria de andar en balde moita distancia, e con iso repercúte-lles no peto sen necesidade... por un simple erro de sinalización... así de simple... mais que pasa aí, quedou e aí segue sen máis...

Tamén nos informan de que á hora de deixar, xa sexa un familiar ou persoa allea, no centro de día... pois ben mellor que non chova ou diluvie, xa que, se non, hai un grave problema loxístico por parte do cidadán que vai deixar a súa nai, avoa, en fin... pois encóntrase cun problemón... unha rampla, de principio, feita por inútiles, que non a probaron, xa que escorres sen máis pero, a pesar de todo isto, aí segue esvarando... pero como os vellos os ten quen os ten... “ande yo caliente y ríase la gente”... nunca me tocará... mais ollo... coidado co karma...

Tampouco debemos esquecer ás veces, e aí debería meter man o Sergas pois a eles lles compete, en canto as demasiadas veces nas que quedan as luces do centro médico acesas toda a noite, ou un fin de semana enteiro.. deberían mirar iso, haberá algún responsable, pois o prezo ó que anda a “lus”, parécenos un pouco forte que se sigan dando tales situacións!!

En fin... por se vale para algo, aí vai.

Lusco e Fusco

ASÍ NON ...



Referímonos ao sinal que indica A Barreira, pois dá pe para a confusión.

ASÍ TAMPOUCO ...



Outro exemplo de vandalismo local.

NIN DE COÑA ...



Dispendio lumínico ... Cousas do Sergas.

ADEUS, TI, PONTE NAFONSO (Un problema estrutural)

“En la ingeniería civil la seguridad estructural está en lo más rofundo de su identidade, por lo que no puede admitir la caída de un viaducto”.

Carlos Nárdiz, *enxeñeiro de camiños, canles e portos*:

“La caída del viaducto de O Castro” (*La Voz de Galicia*, 8/6/22).

A cita anterior fai referencia a un impactante suceso que abría o mes de xuño: o día 7 derrubábase parte do viaduto que une Galiza con León na Autovía do Noroeste (A-6), ao que seguiría un segundo derrubamento poucos días despois. O feito de atoparse en obras, e ser desde logo un caso excepcional, non pode contradicir esa máxima da enxeñaría civil. A ponte non tiña nin trinta anos, que son precisamente os que lle levara, segundo a copla popular, ao construtor da Ponte Nafonso rematar o seu prodixio, en época pretérita na que a carestía técnica era compensada cunha maior sabedoría construtiva.

Na desembocadura do Tambre leva esa ponte aguantando o peso dos séculos, mais talvez non dea aguantado o peso da chapuza que ten que soportar desde que algún iluminado decidiu (improvisou) a instalación do peitoril pétreo. Vaia xeito de lle poñer o ramo a unha desfeita que está a ser denunciada desde hai meses, sen que nada reverta!; máis ben ao contrario, cada paso dado na execución é un novo salto mortal. A opinión crítica foi liderada politicamente polo BNG, que reiteradamente mantiña dúas reivindicacións: a retirada das canalizacións de Telefónica da ponte (supostamente a orixe de todo o problema: o seu encaixe faría necesaria a elevación do pavimento, impedindo a integración estética da varanda metálica que estaba proxectada) e a restauración do antigo peitoril

de pedra. Ultimamente o descontento veciñal (“esta non é a nosa ponte”, escóitaselle á xente con tristura) tamén se reproducu nas redes, nomeadamente desde a aparición dunha moi activa páxina en Facebook: Salvemos PonteNafonso, que promoveu un manifesto e unha recollida de sinaturas e foi publicando numerosas fotos e comentarios onde se documenta perfectamente este proceso de estrago do patrimonio histórico, no que se mesturan erradas decisións políticas con malas praxes construtivas.

No entanto, aínda a risco de ser politicamente incorrecto, direi que se está a poñer demasiado o foco en cuestións estéticas e moi pouco no, para min, principal problema: a estrutura. A recuperación do peitoril, devolvéndolle á ponte o aspecto orixinal, era unha quimera. E a súa

reivindicación, unha torpeza coa que agora temos que apandar (habendo como aínda hai no país ferreiros de arte que poderían realizar unhas varandas ben xeitosas). A construción xa nin é a existente no século XIX. O ancheamento, sobre todo a principios do XX, modificou substancialmente a estrutura. Ben se ve no triple beiril, que nalgún tramo ten uns 60 cm de ancho (a cada lado). Talvez as propias lousas do vello peitoril fosen empregadas para esta acción. Para resistir o peso gañado sen renunciar á anchura cumprían as varandas metálicas. Agora este beiril (e non o firme dos tallamares e dos arcos) soporta en aire o sobrepeso desmesurado do novo peitoril (tamén ancho de máis), que vén sumarse ao peso do empedrado (posto de calquera xeito) e mais do recheo de formigón (aínda sendo unha solución controvertíbel e un ataque ao elemento histórico, ten a vantaxe de colaborar á estabilidade da construción). Lembrarán os lectores que xa hai moitos anos se viña alertando das deficiencias adquiridas na estrutura da Ponte Nafonso, que facían imprescindible a retirada do tráfico rodado, polo menos do de maior tamaño, como así se fixo. No entanto, puiden



Obras en Ponte Nafonso, 1918 (revista *Vida Gallega*)

ver con asombro como ao inicio destas obras opinaba un docto enxeñeiro que a ponte non tiña ningún problema estrutural. Será por iso que a ningún técnico da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (pois na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural andarán a outras cousas) cause alarma o incremento, nunha infraestrutura tan delicada, dunhas tres toneladas de peso por cada metro liñal: o equivalente a unha procesión perpetua de autocares repletos enriba da ponte. Deste xeito o perigo de derrubamento é máis ca unha posibilidade. Agora xa sabemos quen a acabará, ou máis ben quen acabará con ela. A única solución é a retirada do peitoril de pedra.

Ramón Blanco

LECTURAS RECOMENDADAS

DE BENPOSTA A LAMABOA

Paco Castro Alvaredo

Edicións Laiovento.

2021

De Benposta a Lamaboa é unha viaxe que nos leva dende aquela “Ciudad de los Muchachos” de Ourense ata o concello lucense do Incio, en concreto á parroquia de Novelín, onde naceu o autor, Paco Castro.


Para os que aínda temos na memoria aquel circo que se presentaba ao mundo cuns mozos vestidos con mallas de rombos, Benposta recordámolo (e dígoos en plural, pois moita xente da miña xeración así o percibía) como un centro educativo onde nenos e nenas con vidas desestruturadas e conflitos sociais máis ou menos graves acudían alí a formarse como actores de circo. A través deste libro descubrimos Benposta como un proxecto educativo organizado de xeito democrático mesmo en tempos do franquismo. En palabras do propio autor, na presentación do libro en Santiago, aclara que Benposta non é un proxecto caritativo, senón que é un proxecto pedagóxico; tamén comenta que os nenos e nenas que chegaban a estudar a Benposta, nunha porcentaxe moi alta, eran do rural. Provoca moito sentimento o relato que Paco Castro fai do momento no que chegaban ao centro deixando atrás a infancia na aldea e a familia.

Segundo comenta o autor, as personaxes deste libro son ficción, pero é un relato real que forma parte da súa vida, xa que cursou os estudos neste centro. O libro parte da xuntanza de quince ex “benposteiros” convocados polo protagonista e relator da historia, Manuel, nunha casa rural co obxecto de comentar as experiencias desa etapa e redactar un documento coa idea de crear un proxecto educativo innovador. Paco Castro faílle unha chiscadela aos quince que iniciaron, xunto co padre Silva, o mundo Benposta. Todas as teorías, hipóteses e proposicións que xorden desta xuntanza conforman un reflexivo e profundo estudo pedagóxico de xeito que estamos diante dun ensaio sobre o sistema educativo e a súa transformación na sociedade; **“O que educa é o ambiente, do que se trata é de construír un ambiente para educar”**. Elaboran así un relato onde recollen o mellor de Benposta e rexeitan outras actuacións que consideran erradas como a configuración, por parte do padre Silva, do contorno da escola como un espazo illado, onde os rapaces e rapazas perden contacto coas familias e co seu contorno.

A partir desta primeira achega ao mundo “benposteo”, a historia vai configurando o proxecto de Lamaboa coa historia paralela de Manuel e a súa dona Flora. O pasado é Benposta, o futuro é Lamaboa como centro pedagóxico transformador e revolucionario que cambie un sistema educativo que non lles gusta: **“A educación é responsabilidade da sociedade”**. Entramos nas páxinas onde a novela se fai conmovedora, relatos nos que Paco volve á súa aldea de Novelín e nos “pasea” por rutas tan fermosas nas súas descripcións que esperan todos os sentidos: vemos vales, outeiros, montes, escoitamos toda especie de paxaros, ulimos herba, percorremos ríos, describe con emoción e minuciosamente os labores propios do campo de xeito que os lectores disfrutamos percibindo a devoción de Paco Castro polo seu contorno; en definitiva, unha mostra de amor ao Incio.

Neste paseo de volta ao pasado e ida ao futuro o círculo da vida péchase co regreso á aldea de Novelín para revisar a memoria e os recordos e observar un proxecto que se fai realidade grazas, en palabras de Manuel, “á experiencia de compartir, de cooperar, de sentir e de practicar a solidariedade... porque non hai nada tan revolucionario como a ledicia”. Unhas palabras que son exemplo da emotividade e sensibilidade que invaden as páxinas deste libro, onde aprendemos e sobre todo sentimos. Recomendoo como unha estupenda lectura agora que chega o verán.

Lidia Vicente



RECEITA

PIZZA

Ingredientes:

Para a masa:

4 g de lévedo Royal, 1 cullerada de azucre moreno, 100 ml de agua temperada, 500 g de fariña, unha pinga de sal, un pouco de aceite de oliva, 250 ml de auga temperada (a masa, que estea húmida ó engadila)

Para a salsa de tomate:

Tomate frito, allo, alfabaca, ourego e aceite de oliva

Elaboración:

Nun bol vertémo-lo lévedo ou fermento, o azucre e os 100 ml de agua temperada e removemos para que se fusione, cubrimos e deixamos repousar para que o fermento reaccione.

Noutro bol coa fariña en forma de volcán salpementaremos na parte alta e na base engadiremos 4 culleradas de aceite de oliva, xuntaremos co lévedo xa activado e mesturaremos todo ós poucos coa auga temperada para obtermos unha masa compacta, mais non deixando de amasar por uns 15 minutos. Resultará unha masa que deixaremos levedar durante unha hora aproximadamente...

Neste intre xa terémo-los ingredientes da salsa ben mesturados á espera de darlle forma á masa.

Levedada esta, darémoslle forma coas nosas propias mans e remataremos co rolete estendendo a salsa sobre a superficie, mailos “toppings” ó gusto, e despois de térmolo forno pre quente a 250 graos andaremos dilixentes, como en todo na cociña, ata conseguírmola coloríña ideal e listo, sen máis... a desfrutar...

Julia Seijo



A MIÑA TERRA, AS SÚAS XENTES

Deolinda Gómez Molinos

Vendo pasar o tempo, decidín que sería bo traer os recordos, pensando nos que virán e dese xeito poderlles contar as cousas que eu vivín para que reflexionen sobre outros tempos pasados.

A Serra que eu recordo de cando era nena cambiou en bastantes cousas e, pensando nelas, como cando o vento fai voar as follas, a miña cabeza volta moitos anos atrás. Quero empezar pola zona da Cruz, que daquela era tamén coñecida como “rúa da fartura” e, a verdade, ten a súa razón. Nesa rúa había tres panadarías. A tafona do señor Francisco, a de Gloria e fronte dela a de Galdrán.

Semella moi curioso que os fornos de facer o pan, de cocer a broa, estivesen na mesma rúa e moi preto uns dos outros. A min chamábame moito a atención como saía o pan das casas. Levábano en burros, nas alforxas, mulleres da vila que o repartían polas aldeas e portaban na man unha vara, cos zocos nos pés, o pano na cabeza e o mandil por riba da saia. Nesta rúa había unha praza con plátanos, coma os que hoxe

no mellor dos casos, mercalos. Fronte á casa do Coxo (señor Jesús) estaban as mulleres de San Cosme cos cestos cheos de caramuxas que recordo mercar e comelas coa axuda de alfinetes.

Onde hoxe esta o banco BBVA había restos da capela de “Santiaguiño da Balsa”, parada de peregrinos hai moitos anos, segundo me fixeron saber. Ó seu carón, cando a feira, poñíase Federico e a súa dona, que arraxaba as potas mentres o seu home afiaba coitelos. Sempre ía con eles un fillo pequeno que xogaba ó son dos ferros.

Recordo con morriña un feito da miña infancia e quedoume gravado na memoria. Na praza do Concello tiña lugar a venda de cebolas e outras verduras. Un ano pagábase tan baixo o ceboliño que as nosas mulleres decidiron tirallo ó río. Non era un cabaz ou dous, eran moitos. Aplaudo esa decisión das nosas mulleres, o seu traballo de plantar, recoller e transportalo na cabeza, traballo que non era recoñecido e que elas con ese acto quixeron poñer en valor. Cos meus ollos de nena, recordo coller entre as miñas mans o cebolo e levarllo a meu pai para que o vise, e explicoume o feito de por que o tiraran: non fora por desprezo, senón por amor propio.

Volto á rúa da Cruz. Moi preto da casa de Gloria estaba a casa de Angustia onde, cando a feira, preparaban un cordeiro de moita sona e que a xente da comarca aproveitaba para vir tomalo. Aínda ó día de hoxe a xente acorda o ben que sabía.

De fronte, na Feira do Gando, estaba a casa de Pepita da Rata e cociñaban uns callos que eran un manxar e enchíase de xente neses días. Na mesma rúa, a casa de Pepita de Monterroso, onde tiñan taberna e preparaban bos pratos de carne.

Na casa de Ramiro de Juan (meu tío), segundo teño entendido, preparaban unhas costeletas que a máis dun fixo doerlle o bandullo, que de boas que estaban abusaban a comer nelas.

Tamén recordo os callos da “casa do Coxo” ou casa Amanda, moi saborosos e dos cales na miña casa, cada día de feira, traíamos unha tarteira para xantar.

A casa do Gaito (Dominga), onde daban comidas ben feitas con viño de primeira.

E que dicir da casa de Feliciano, de cociñeira Trina, que colleron moita sona sendo moi apreciados pola súa boa cociña e chegaron a facer moitas vodas.

Pensando neste relato doume conta de que a primeira economía da Serra foi a “comida”. Dende logo, cantas cousas se firmarían comendo costeletas cun bo trago de viño.

Nos tempos actuais vese a influencia do pasado. Seguen as boas cociñas, incluso melloradas. A oferta non falta: casas rurais, restaurantes, mesóns.... que non deixan no esquecemento as nosas mulleres e homes que iniciaron na Serra os seus negocios, hai xa moitos anos.



Neste antigo cuartel da Garda Civil de Outes situouse anos despois a casa de Angustias, unha das que daban comidas nas proximidades da praza da Cruz

en día hai na praza do Concello, e tamén unha caseta onde, os días da feira, se cubrían as guías do gando polo veterinario¹. Daquela facíase nesta praza a feira ou feirón, por certo moi concorrida; había cabalos, becerros, porcos... Como digo, viña moita xente á Serra, ciroláns coas pezas de barro, os que traían as teas e as nosas mulleres cos sombreiros “sancosmeiros” que vendían na porta da casa de Pose, dende a esquina da miña casa ata a de Benedicta. Sentadas na beirarrúa sobre os molidos feitos con tea e no colo os cestos coa froita para vender. Estes molidos, postos na cabeza, tamén servían para transportar os cestos coa mercancía. Todas co seu mandil onde gardaban o moedeiro para meter as pesetas que sacaban coa venda da froita. Recordo que algunha muller viña cunha banquetiña pequena de madeira para se sentar. A cada lado da rúa mostrábanse as mercancías que había a vender. A xente, paseando, ía parando a ver os produtos e,

O fenómeno Tanxugueiras e a música galega actual

Alba Calo Blanco

O fenómeno Tanxugueiras estoupou a finais do pasado ano, cando as galegas publicaron o tema *Terra* como proposta para representar a Eurovisión na edición deste ano 2022, que tivo lugar en Turín. Malia non ser finalmente as escollidas para este fin, e pese á tremenda polémica arredor da gañadora do BenidormFest, Chanel, as galegas víronse catapultadas dun día para outro á cima da música no noso país. Con máis de 250.000 seguidores en Instagram, toda a nación está pendente de que a súa xira actual, que leva por nome “Midas”, faga unha parada na súa cidade.

As Tanxugueiras publican un primeiro álbum homónimo no ano 2018, ao que segue a saída de *Contrapunto* en 2019. As composicións destas dúas obras pertencen ao xénero musical galego máis tradicional, pois o proxecto nace como un grupo de mozas pandeireteiras. É no ano 2021 no que comezan a explorar outros rumbos armónicos cunha actualización da música tradicional con base nunha á mestura destes ritmos con sons máis urbanos e modernos. Deste período son cancións como *Midas*, *Telo*, *Coda*, *Figa* e, finalmente, *Terra*. Á etapa posteurovisiva pertencen as pistas *Cambia todo* (con Muerdo), *Averno* (colaboración con Rayden, outro dos artistas que optaban a representar España no concurso europeo) e *Pano corado*, publicada apenas un par de semanas antes da redacción deste artigo, o 13 de maio. A actualización que

realizan Aida, Olaia e Sabela e da que arriba se falaba, de feito, vai máis alá das melodías dos seus novos traballos, xa que as letras son outra parte importante da produción destas artistas. Así como nalgúns traballos reinterpretan directamente estrofas e cancións tradicionais e en *Terra* defendían un asunto de actualidade como a reivindicación das propias raíces e o esvaeamento das fronteiras, no seu último tema fan unha apoloxía do amor libre, cun videoclip de Trece Amarillo que resulta visualmente espectacular e que levantará opinións de todo tipo, aínda que o seu obxectivo sexa, precisamente, a normalización de tódolos tipos de parellas e formas de amar posibles, sen etiquetas. Esta liña de fusión do tradicional e do moderno que veñen defendendo nos últimos anos e que algúns designan *trad* será na que encaixe o seu próximo álbum de estudio, cuxa publicación se prevé ao longo deste mesmo ano 2022. Como mencionabamos, xustamente coa súa canción *Terra*, Aida, Olaia e Sabela lograron o seu obxectivo, esfumar fronteiras e, concretamente, traspasar as da nosa comunidade, chegando así a constituír un dos grupos máis aclamados en tódalas partes de España neste momento. Numerosos son os festivais aos que asistirán e as actuacións que darán ao longo de todo o verán percorrendo a península, por exemplo, ademais dos concertos en directo e en diferido que levan acumulados



Cuberta do disco de Tanxugueiras

neste período tan curto que foron os primeiros cinco meses do ano. Non obstante, estas rapazas non son as únicas que están a cambiar o panorama musical galego. Galicia sempre exportou un excelente talento musical ao contexto xeral das composicións en castelán e que hoxe en día representan nomes tan asentados como Iván Ferreiro, Xoel López, Andrés Suárez ou Fredi Leis, e outros que están comezando e que prometen un futuro do máis exitoso coma Sen Senra, Yoly Saa, Triángulo de Amor Bizarro ou Luis Fercán. Mais na actualidade pódense atopar tamén unha serie de grupos, de moi distintos xéneros musicais, dende os máis urbano con tintes de música latina até o *indie*, todos cun mesmo factor común, que compoñen música en galego. Algúns destes novos artistas manteñen as raíces do folclore e da música tradicional galega, mentres que outros innovan completamente. Estamos a falar de Terbutalina, Berto e Verto, Mundo Prestigio, Ortiga, Grande Amore, Ata que Escampe, Boyanka Kostova, The Homens, Baiuca, O Rabelo, Guadi Galego, Familia Caamagno – que recentemente actuou no noso concello con motivo da festa da xuventude ou Pampallín–, The Rapants e Lil Chachi –veciños de Muros– e Pibe Canguro e Monoulious DOP, estes dous últimos grupos integrados por outenses. Estes nomes gañan cada vez maior repercusión non só nos medios dixitais nos que hoxe en día os rapaces e rapazas consomen a música, senón nos directos en salas de concertos e festas varias.

Polo tanto, pode afirmarse sen dúbida que unha boa parte da mocidade galega volve escoitar música no seu idioma materno e que as novas xeracións están a resucitar e a (r)evolucionar a música en galego, chegando algún destes artistas mencionados a rozar os 40.000 ou os 60.000 oíntes mensuais nunha plataforma tan *mainstream* e universal como Spotify. As Tanxugueiras e o fenómeno que provocou a súa difusión nun ente público como RTVE son a cara visible dun movemento que leva xa uns cantos anos dando pasiños, sen présa pero sen pausa. Preguntámonos

Videoclip do último tema das galegas



aquí, como resultado, se a música en galego non estará a vivir o seu mellor momento. Superarán estes artistas a barreira xeracional que por agora os delimita aos máis xoves, estendéndose a outras idades? Veremos de aquí a moi pouco un verdadeiro apoxeo, realmente patente en tódolos contextos, destes novos sons? Só o tempo o dirá e, mentres tanto, non nos queda outra ca seguir escoitando..

CONCERTO EN ALBEIDA

O domingo 7 de agosto, en colaboración coa Asociación Terra de Outes, as persoas organizadoras da IX edición do Festival Internacional de Arpa Vila de Noia van realizar no auditorio das Cabaniñas do Bosque, en Albeida, ás 20 h, un concerto do dúo **Hermanos Corbalán**, artistas do Paraguai, habituais no Festival de Edimburgo, que conquistarán, coa súa sutileza e virtuosismo, o público asistente a esta nova cita do Festival de Arpa, que pola primeira vez descentraliza diferentes actuacións musicais polos concellos da comarca.



A festa

Eloy Hervella


Chegamos todos xuntos á festa.

O local está cheo de xente, a música antóllaseme moi agradable. Pedimos algo de beber na barra e empezamos a saudar os coñecidos. Aquí e alí xorden grupos de xente con entretidas conversas.

Mais de súpeto estou só. E antes de que ocorra xa sei que vai pasar isto. Tento falar con homes e mulleres, pero ninguén quere entenderme. Quero bailar e a música parálizame. Desexo beber algo e a barra está lonxe...

Comezo a dar voltas ao redor da pista de baile, abríndome paso entre a xente. Voltas e máis voltas, tentando en balde atopar unha cara coñecida, un rostro amábel, no medio daquela soidade tumultuosa.

Espertei abatido...



PREMIO AÑÓN

Desde que en 2008 Manuel López Rodríguez publicase o seu primeiro libro pasaran varios anos de oficio secreto na arte da palabra. En todo este tempo o poeta estivo amasando un bo feixe de obras que eclodiron nos últimos catro anos nunha colleita de premios e publicacións a un ritmo prodixioso: nada menos que media ducia de novos libros (máis algún outro xa no prelo) e o dobre de galardóns literarios. Poucos escritores poderán presumir de semellante fazaña.

O autor, vello socio de Terra de Outes, é un incansábel activista cultural desde a súa xuventude (formou parte, entre outros proxectos, do Colectivo Sacou, de onde lle vén o vínculo coa nosa asociación). A busca de novas canles de expresión é unha das súas características destacadas. Así, hai agora seis anos, organizaba na Serra de Outes o III Encontro de Poetas en Idioma Galego.

O pasado maio o seu poemario *Cruz(eiro)* resultou vencedor do XXVI Certame Francisco Añón de Poesía, un dos fitos culturais do noso concello, pois o premio vai consolidando o seu prestixio a cada pouco. Ademais dos 1.500 euros concedidos na categoría F (maiores de 18 anos) a obra tamén será publicada; nos últimos anos á parte do volume colectivo comezara a realizarse unha edición exenta do libro gañador desa categoría, o cal aínda mellorou ultimamente ao facerse unha publicación comercial a cargo da Editorial Caldeirón.

Desde Terra de Outes parabenizamos o noso socio e desexámoslle aínda máis sorte no proceloso mar da creación. Ben está que se honre os bos poetas!!



O Día das Letras Galegas recollía Manuel López Rodríguez o premio no xa tradicional acto presidido polo alcalde de Outes

SILVANO (I)

Henrique Álvarez

*“Nam ad petras et ad arbores et ad fontes
et per trivía cereolos incendere,
quid est aliud nisi cultura diaboli?”*

Chegamos ó lugar de mañá. Era un lugar relativamente grande, cunha liña de vivendas máis modernas na estrada, un núcleo principal algo retirado, e casas solitarias ou pequenos quinteiros en dirección ó regato ou ó monte. A metade das vivendas estaban baleiras e moitas arruinadas, mais no seu día debeu ter ata aspiracións de vila. O padre Andrés arrimou o vello Citroën á parede dunha casa da estrada e internámonos a pé na parte antiga. A primeira veciña que avistamos, unha vella de loito que saía desapercibida, tivo un sobresalto e, inconscientemente, persignouse ó vernos. Pero, unha vez que nos presentamos, todo discorreu con normalidade. A xente tiña gana de falar e facíao sen medo.

—Antes non che era así —dixo o padre Andrés—. Chegabamos a un lugar e case todos, e había máis xente en todas partes, case todos fuxían de nós. Non saían correndo, pero facían todo o que podían por evitarnos. Daquela íamos primeiro á reitoral e o párroco acompañábanos a todas as partes, e aínda así só dabamos falado cos que acurralabamos na casa, e coa familia afectada, claro. Ás veces ata tiñamos que pedir a axuda da Garda Civil.

A historia do mozo repetíase unha e outra vez nos distintos testemuños, con lixeiras variantes nos adornos que cadaquén lle puña. Para min era a primeira experiencia sobre o terreo, pero parecía xemelga de moitas outras historias de enfermidade mental, e así mo confirmaba o padre Andrés, quen levaba no lombo infinidade de casos, tantos, dicía, como os pobres padres Domingos e Rodrigo xuntos.

—Mandárono interno ós ghesuítas da Coruña —o patrucio pronunciaba xesuítas con j, coa gheada característica da zona— e ata hai dous anos só estaba na casa polas vacacións. Era bo rapaz, ho.

—Foi un neno moi listo e espelido. Xogaba moito cos outros rapaces, pero tamén axudaba na casa, e, se un veciño lle pedía algo, facíallo. Queríamolo moito. Agora tamén, claro, pero non é o mesmo.

—Estudaba moito e sacaba moi boas notas. O pai, sobre todo, estaba moi orgulloso del.

—Foi cando viñeron os netos do Braulio de Madrid. O máis novo é do seu tempo e o outro algo máis vello. Ós pais non lles gustaba que andase con eles. Andaban con esas lérias que aprenden na Internet. Empezaron a facer cousas raras aí polo cruzamento ás noites

—Si. Foi cando acababan de marchar. Entroulle o demo. Pero ós outros non, oia. Eses marcharon igual que viñeron, feitos uns túzaros. Iso si, desde aquela que non volveron máis por Biduedo. Supoño que os padres Rodrigo e Domingos oíran antes todo o que nos estaban contando. Eu confiaba na gravadora do teléfono, como fixera o padre Rodrigo, mentres o padre Andrés tomaba de vez en cando algunha nota.

—Escapáballes, saben. Quixeron mandalo ó colexio cando empezaron as clases, pero sempre volvía ó mesmo sitio.

—Levárono ó psiquiatra e ata lle deron medicación, que o deixaba medio durmido, pero en canto lle pasaba un pouco, alá ía.



—Ata acabaron por levalo ó Corpiño.

—E ó san Campio, tamén.

—Si, ó san Campio tamén. Atado. Levárono atado, pero desatouse e escapoulles. Non o deron collido. Sempre acababan atopándose no cruzamento. Cando foi do Corpiño, asustáronse, porque tardou tres días en aparecer. Buscou a Garda Civil con helicópteros e todo, e non o encontraban. Apareceu no cruce, ós tres días.

—Non lle é así cada día. Case sempre está tranquilo e ata se pode falar con el, pero cando hai lúa todo é escapar para o cruzamento. Teñen que pechalo, que se non alá vai.

—Cando hai lúa, téñeno que ter pechado. Ponse moi nervioso querendo saír, pero cando encontra todo pechado, séntase, se non ten onde no chan, e queda tranquilo, mirando a ningures e repetindo que ten que ir dar de comer ó cabalo.

Os cinco amigos

Manel Monteagudo

A idea de pasar un fin de semana xunto cos meus antigos compañeiros de estudos, aos que facía dúas décadas que non vía, pareceume excelente, máxime cando unha das condicións era que non nos acompañasen as nosas parellas. Queríamos rememorar aqueles anos maravillosos na intimidade do noso círculo de amizade.

As redes sociais axudáronnos a contactar e fixamos o evento para o primeiro fin de semana de xullo. Un do grupo, Pablo, propuxo facelo a bordo dun barco pequeno da súa propiedade. A todos nos pareceu unha idea xenial.

O xoves pola noite collín o coche e conducín até a capital cántabra, coa idea de chegar antes das doce e media da noite. Durmiríamos no mesmo barco e ao amencer saíramos a mar aberto. O tempo era espléndido e as previsións meteorolóxicas aseguraban que o noso gozo non se vería empanado por factores climatolóxicos.

Ceguei ao sitio convido e xa estaban alí os catro compañeiros agardando. Cando os vin non puiden reprimir a miña ledicia e abraceinos e biqueinos a todos. Un deles estaba moi cambiado, tanto que non o recoñecería, pero os demais estaban como eu os lembraba, quizais algunhas evidencias dos vinte anos pasados.



Xosé, Pablo, Antón, Xulio e eu, Manoel, eramos inseparables na Universidade Autónoma de Madrid, onde estudamos a carreira de Dereito. A nosa amizade e confianza eran tales que o noso comportamento era o mesmo que se nos vísemos o día antes. Fixemos o plan xeral e subimos as equipaxes a bordo do barco que estaba atracado no Club Náutico de Santander. Despois baixamos para cear nun restaurante preto e tomar unhas copas, e a unha hora prudente irmos durmir á embarcación. Así o fixemos. A mañá do venres amenceu espléndida. Acomodámonos na cuberta e decidimos que navegaríamos bordeando a costa atlántica de Francia, sen separarnos moito da terra firme, pero suficientemente illados como para gozar do ceo estrelado sen que

as luces das cidades nos estragasen a contemplación. Así que puxemos proa ao norte e navegamos unhas dúas horas, até que os nosos ollos soamente verían o mar azul e dende moi lonxe veríamos a claridade das luces que alumeaban as cidades; cando iso ocorreu ancoramos o barco.

Despois de xantar e botar a sesta, sobre as sete e media da tarde, decidimos bañarnos naquelas augas tan azuis, tamén baixamos uns colchóns flotantes sobre os cales nos tendemos a tomar o sol Cervexa fresquiña, marihuana da boa e o sol reluciente eran os ingredientes daquela tarde de relax.

Debín quedar durmido, porque ao despertar xa estaba anoitecendo. Mirei ao meu redor e divisei dous dos meus compañeiros nos seus colchóns, probablemente durmidos. Estaban cerca e chameinos. Cando despertaron observamos que o barco non estaba á vista, e que faltaban os outros dous compañeiros. Berramos os seus nomes e, ao lonxe, vimos un colchón con dous ocupantes, os que faltaban. Suspiramos aliviados, pero o barco non se vía por ningunha parte.

Cando logramos reunirnos no mar, coincidimos todos en que quedáramos durmidos e deducimos que por dúas horas, polo menos. O barco podía estar lonxe. Pablo, o patrón, observou que o vento sopraba do leste, e que debía estar nesa dirección, na que tamén estaría a costa francesa. Así que comezamos a remar coas mans sobre os nosos colchóns nesa dirección, é dicir, cara ao levante. Así o fixemos, e a noite axiña se fixo escura. Había lúa nova, e a escuridade era total. Comezou a invadirme unha sensación de desasosego e de estar perdido. A temperatura era fría, aínda que o mes de xullo é moi benigno en canto a ese factor. Tres horas máis tarde, esgotados, decidimos parar e pensar. Non só non viamos o barco, senón que tampouco observabamos o resplandor luminescente de ningunha cidade costeira. Todo era mar negro e escuridade total. A auga estaba cálida malia iso, e collémonos das mans para non separarnos, mentres repoñíamos forzas. Lembrámonos da bolsa que contiña cervexas que estaba atada a un dos colchóns. Sacamos do mar as cervexas e bebemos como náufragos sedentos. Debían ser as dúas ou as tres da madrugada, e, tombados sobre os colchóns flotantes, rendidos polo esforzo, caemos nun sono profundo.

Era xa de día cando despertamos. Miramos arredor e nin rastro da embarcación. Tampouco divisabamos terra firme. O noso desasosego comezou a ser evidente e os nervios afloraron. Pablo intentaba tranquilizarnos, aducindo que quizais soprou unha racha de vento de poñente e estabamos remando en dirección contraria. Decidimos tomar a ruta oposta e comezamos a remar de novo. Así, durante todo o día, remamos por horas, interrompidas por uns minutos de descanso, pero o tempo avanzaba de forma inexorable e o panorama seguía a ser o mesmo. Ao chegar a noite, a nosa moral estaba seriamente afectada e máxime ao decatarnos de que non había resplandor de luces por ningunha parte: a escuridade seguía sendo total.

Decidimos seguir remando durante a noite, pero comentamos que,

ao revés que o día anterior, a posta de Sol non nos fixera sentir frío, e a nosa temperatura corporal era perfecta. Ninguén padecía de hipotermia e tampouco tiñamos sede nin fame. Iso animounos a seguir remando e durante unhas horas, sen descansar, fixemos así. De repente, os dous que ían uns metros por diante berraron de xúbilo ao divisar relativamente cerca a inconfundible luminescencia dunha cidade costeira. Iso supuxo unha inxección de moral completa, e, ademais, o resplandor indicaba que aquel lugar non estaba a máis de dúas millas da nosa posición. Berramos de ledicia e comezamos a remar freneticamente. En pouco máis dunha hora, axudados por unha brisa cálida, chegamos a unha praia de finas areias, contigua a unha pequena poboación costeira. Pablo aseguraba que se trataba dunha vila francesa. Baixamos dos colchóns e tombámonos na areia, bicando o chan como auténticos náufragos tras ser rescatados.

A nosa ledicia era inenarrable. Descansamos unha media hora, agochamos os colchóns e entramos naquela cidade, vila, aldea ou o que fose. Debían ser as doce ou un pouco máis, a xulgar por que había transeúntes paseando polas rúas adxacentes á praia. O noso plan consistía en localizar un posto de policía e informar da nosa cuestión, para pedir axuda e comunicar cos nosos familiares. Pero pouco imaxinabamos a dificultade daquel plan tan aparentemente sinxelo. Preguntamos a algúns peóns e todos nos responderon nun idioma estraño, inintelixible para nosoutros. Antón falaba moi ben francés e inglés e os demais defendíámonos nesas linguas. Vimos un rótulo de neon e a nosa sorpresa foi maiúscula cando nos atopamos cuns caracteres totalmente descoñecidos para todos. Parecían rúnicos, pero nin eran gregos, nin cirílicos, nin chineses, nin árabes. O idioma que usaban os habitantes dese lugar tampouco nos soaba a lingua coñecida ningunha. Onde podía ser que chegáramos?

Comentamos que, debido ao pequeno tamaño da poboación, camiñar polas súas rúas até atopar algo que nos axudase era a mellor idea. E así o fixemos, durante horas, sen resultado ningún. Parecía que dabamos voltas ao mesmo lugar, un parque frondoso e poboado de árbores de flores violáceas.

De súpeto decatámonos de que faltaban dous do grupo. Xosé e Xulio non estaban connosco. Deberon de separarse do grupo e despistarse polo labirinto de calellas angostas que abundaban na cidade. Seguimos camiñando, coa esperanza de atoparnos con eles axiña.

Non foi así. A imposibilidade de comunicarnos cos habitantes e a ausencia de símbolos que identificásenos coa policía, hospitais ou cabinas telefónicas, facían daquel sitio unha verdadeira rareza. Mentres tanto comezou a amencer. As primeiras luces do día asombráronnos ao ver que non eran raios de sol, senón unhas brumosas fluorescencias de tinguidura malvácea.

Os habitantes eran persoas novas, pero non vimos ningún neno nin tampouco anciáns. Todos eran mozos adultos, aínda que máis exactamente poderíamos dicir que as súas idades eran indeterminadas.

Pablo e eu detivémonos fronte a un establecemento onde había unhas persoas reunidas, falando entre elas. Ao vernos entrar, dirixiron a súa mirada cara a nosoutros e tivemos a sensación de que, dalgunha forma, non comprendían que eramos náufragos perdidos, ataviados con traxe de baño e desaseados. Dirixíannos frases totalmente incomprensibles para nosoutros. Intentabamos facernos entender con monosílabos e acenos, pero nin inda así

daban sinais de comprender a nosa situación.

Resolvemos facer un plan e chamamos a Antón. Pero a nosa sorpresa foi maiúscula cando descubrimos que tamén desaparecera. Eu xuraría que entrou connosco naquel establecemento, mais agora non estaba. Chamámolo a berros, pero non respondía. Pablo e mais eu mirámonos sen musitar ningunha palabra. Aquilo debía ser un pesadelo, un soño, unha quimera infernal. No entanto, e malia levar dous días ou tres sen comer nin beber, non tiñamos fame, nin sede, nin frío, nin sequera cansazo. É máis, invadíanos unha sensación de absoluta paz e tranquilidade.

Nese estado de beatitude, seguimos camiñando polas rúas da cidade costeira, xa sen preocupacións e resignados á nosa sorte. En Santander saltara a noticia. Cinco mozos, de idades comprendidas entre os 45 e 50 anos, perdéranse no mar a noite do venres. Era luns e a policía costeira atopara os dous últimos cadáveres que faltaban. Alí estaban os familiares dos cinco falecidos, chorando a súa morte. O mar tragáraos e, á fin, tras varios días de busca, os corpos foran recuperados.



A lutuosa noticia abriu os informativos de todas as cadeas de televisión.

Mentres, na cidade costeira, logramos atopar os tres compañeiros desaparecidos e ideamos aproveitar que estábamos todos xuntos para falar que íamos facer das nosas vidas. Eu dixen que cando saímos ao mar deixara en terra unha familia, ou iso cría, posto que non me lembraba deles en ningún aspecto, non me constaba no meu maxín se tiña muller e fillos. Estaba moi ledo alí onde estábamos con esa paz e esa tranquilidade que endexamais tivera. Cando deixei de falar os demais coincidiron comigo en todo o que dixera, daquela propuxen quedarmos para sempre naquel lugar, onde, a xulgar polas nosas experiencias, non existían as necesidades corporais humanas e todo estaba impregnado de felicidade. E iso foi o que fixemos. Os días pasaban sen percibir que así ocorría. Se en verdade existía o paraíso, nós estábamos nel. Só nos decatábamos que os días e as noites pasaban cando viamos amencer, que era algo impresionante, marabillosamente fantástico e xenial. Durmir non durmíamos, posto que o cansazo non existía, por iso non precisabamos botar unha sonada para descansar dese cansazo imaxinario. A xente non morría, vivíase nunha mocidade perpetua. A nosoutros, así como ían transcorrendo os días, as nosas caras e corpos fóronnos mudando até estar de novo na nosa xuventude.

Que marabilloso sería vivir nun mundo no que sempre houbese nubes brancas, reflectidas de ledicia, paz, liberdade e, por cada poro da nosa pel, asomase sempre amor e felicidade.

Desde Rusia con Añón (I)

Ramón Blanco

“Coido que Rusia en Arte, como Irlanda en política y en socioloxía, é a terra que nos intresa”.

(Carta de Castelao a Manuel Antonio, 1922)

“Eu conezo algo d’os rusos, n-as edicións de “Calpe”; non moito, inda que con novelas d’a talla de *Sacha Yegulev*, xa ten un pra decatar-se de que isa literatura é superior a calquer outra contemporánea”.

(Carta de Manuel Antonio a Castelao, 1922)

O escritor mexicano Sergio Pitol reflexionou abondo sobre a excelente literatura rusa do século XIX, á que dedicou varios artigos ensaísticos. Este autor fai notar que o xénero narrativo se desenvolveu nun país sen tradición dialóxica, e naceu xa, caso único, con obras mestras. Os autores destas, educados en francés e alemán, empregaban o ruso como lingua relacional cos serventes ou cos habitantes dos baixos fondos; isto é, non era o seu ruso, a priori, lingua destinada a ser literaria. En 1825, ao pouco de coroarse, o tsar Nicolás I reprime con dureza a rebelión decembrista; no mesmo ano comeza a publicarse *Euxenio Oneguín*, de Pushkin, e xa despois veñen, coma fachos na noite, Gogol, Goncharov, Lérmontov, Dostoievski, Tolstoi... até Chekhov, falecido en 1904, pouco antes da guerra ruso-xaponesa e da revolución de 1905. Esas son pois as datas, e os autores, do marco histórico. Desbordándoo, aínda poderíamos engadir nós a Andreiev (1871-1919), autor da novela que cita Manuel Antonio; tamén Pitol engadirá, dalgunha maneira, a Pilniak (1894-1938).

Destaca Pitol que na época desta gran novelística os rusos estiveron metidos en dúas guerras: a de Crimea (1854-1856), que perderon contra os turcos (apoiados polos ingleses), e a de 1904 contra os xaponeses, que tamén perderon (canda unha boa parte do territorio siberiano). Sostén o mexicano que as crises sociais derivadas dos contrastes e conflitos que envolveron a vella Rusia fixeron emerxer unha nova capacidade creativa artística. E ben pode ser, por máis indesexábel que sexan as malditas guerras.

Os imperios ruso e otomán volveron disputar polos dominios entre 1877-1878, na coñecida como guerra de Oriente. Esta guerra ruso-turca foi seguida de xeito monográfico nunha publicación periódica da época: *Crónica de la Guerra*. Apareceu o seu primeiro número mediado o mes de maio de 1877, con senllos retratos na portada dos líderes da contenda: o tsar Alexandre II e o sultán Abdul Hamid Khan; o semanario contén, ademais, en todos os números, diversos gravados sobre a vida militar. Nese ano publicanse trece números (entre maio e setembro). Desde o número 14 (en outubro) pasou a titularse *Crónica Universal Ilustrada*, diversificando os contidos (incluíndo tamén “literatura, ciencias, artes y política, modas y actualidades de Europa y América”). Da nova cabeceira puidemos ver até o número 20, de decembro, mais é probábel que continuase a editarse até 1879, segundo puidemos averiguar nos exemplares virtuais da Biblioteca Digital de Madrid, obtidos da hemeroteca da Biblioteca Regional de Madrid. A dita hemeroteca, por certo, se non nos falla a memoria, fora gabada

por Fernando Bel Ortega cando o coñecemos, no 2004. Deberon ser estes os exemplares que el manexou cando realizou a súa tese doutoral sobre Francisco Añón, publicada en 1991. Deste libro copiamos o seguinte (p. 89): “En 1877, e nun periódico de Madrid, [nota ao pé: *Crónica de la guerra*, n.º 4, Madrid, 16-VI-1877, páxs. 31-32, e n.º 5, Madrid, 23-VI-1877, páxinas 39-40.] figura Francisco Añón como tradutor da novela rusa «Los dos Amigos», de «M. J. Tourguenef», soamente en dous números, polo que non aparece a tradución completa da obra. É de supoñer que Añón non sabería ruso e que faría a tradución ó castelán a partir dunha edición francesa”.

En efecto, non atopamos a tradución por entregas realizada por Añón máis ca en dous números consecutivos, quedando así o folletín incompleto (a pesar de rematar tamén o segundo fragmento co agardado “continuará”). Evidentemente, descoñecemos a causa da interrupción. O poeta morrerá ao ano seguinte, en abril de 1878, tras ingreso hospitalario a causa dunha grave afección hepática. Non

cremos que a enfermidade, en caso de padecerse xa no verán anterior, impedise continuar o traballo de tradución da obra; seméllanos máis verosímil que se debese a algún desacordo (económico?) cos editores ou propietarios do periódico. Sería interesante descubrir se Añón continuou coa tradución da obra até concluíla (non se trata dunha novela longa), e incluso se chegou a publicala noutros periódicos. Tamén se houbo outros proxectos de tradución nos que participase. En calquera caso estamos ante unha mostra máis, e ben representativa, do coñecemento de linguas do poeta, por máis que a vertedura do ruso ao español fose, seguramente, coa intermediación do francés.

O libro orixinal fora publicado inicialmente, tamén nunha revista, en 1854, co título: *Dva priyatela* (Два приятеля). Hai unha tradución moi recente ao español de Marta Sánchez-Nieves (Ediciones Invisibles, 2019), co título: *Dos amigos* (sen o artigo inicial).


Casualidades da vida, segundo afirma Bouza-Brey nun vello artigo (citando á súa vez datos obtidos por Anxelo Romero Cerdeiriña), o derradeiro domicilio de

Añón, cando morre en Madrid, e onde debía morar na época desta tradución, era un cuarto (2º) alugado no n.º 10 da rúa “de los Amigos”.

(Continuará.)



Portada do n.º 1 do periódico onde se publicará a tradución



Inicio da tradución, no n.º 4 de *Crónica de la Guerra*